



Confidenciais?

Buenos Dias 10 de Maio de 1958

Dr. s.

Caro Alvariz

Paris

Consello de Galiza Querido Alvariz:

Secretaría

Dentro d-unhos dias - quizais antes de que chegue don Jesús Carra, bal-chegará a Paris Perfecto López, de Corcubión, moi vinculado aquí ás "nosas cousas". É, desde sempre, moi bon republicano e moi bon galego. Poseedor de gran fortuna na industria automobilística, forma parte do grupo de "bos e xenerosos" en frecuentes aportacións. Trate a visitar, portado d-unha carta de Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galicia e pedíume a min que, á miña vez, che escriba a ti, sea que a demais da comunidade de ideas eu son moi amigo de Perfecto.

Fago con muito gusto e pidoche, naturalmente, que o trates como el se merece. Agora ben; Perfecto é un pouco "eisceptico" no referente ó eixito do noso traballo, incluso con referencia á selección en Paris. Adoita xuntarse con xurceiros, mais ou menos afixos a nós, pero que non están de todo con nós. É biterredes. - as veces non é de todo discreto. El tév muito interés nos traballos que eu iniciéi co teu fillo Xarier, sobre os traballos que se levan a cabo en Galicia, os que no seu día serán axudados por nós. El tamén axudará.

Pinsoo coardamos - o noso grupo - que é de muito interés

que tanto ti como o teu fillo, si falásedes da cuestión "enlaces" con Galicia, "clandestinidade" ou outras cousas "mais ou menos" misteriosas, lle digades, tamén "misteriosamente" que si; que hay cousas en marcha, ben encamiñadas. Pero sin pronunciar un solo nome nin un solo lugar. Cando mais insinuarelle que a "cousa" é polo lado da Coruña e da súa provincia. Temos gran interés en ter, definitivamente e totalmentemente con nós, a Perfecto López. Estamos seguros que ti e Xarier podedes facer, moitos entusiasmos mandos ahí, co prestixio que da o estar en Paris. En fin, con todos estes antecedentes, sabemos que o pandeiro nas vosas mans estará moi ben. ¿non si?

Aguardo noticias tuas sobre a cuestión credenciales, de que che falaba na miña última carta. Pedíache m-ela que nos mandaras o texto d-elas ou si considerabas suficiente un comunicado oficial do Consello de Galicia ós gobernos republicano, vasco e catalán dandolles conta da túa designación, pra que ti estes debidamente documentado para actuar.

Si siguen as "dificultades políticas" ou das outras, dínoslo pra nos situar aquí.

En nada mais. Saudos fraternos d-estes teus irmáns e amigos e da miña parte unha forte aperta

Ramón Suárez Vicallo

Federico Larrosa 4086 - Paris